

ALFONSO XII
1875-1885

ALFONSO XIII
1902-1931

A REXENCIA DE MARÍA CRISTINA
(1885-1902)

- Morte do rei a finais do 1885
- **Pacto do Pardo:** pacto entre os líderes (Cánovas e Sagasta) dos partidos dinásticos para:
 - Garantir a permanencia do réxime
 - Vixencia da quenda pacífica no Goberno
 - Agardar ao novo nacemento para proclamar ao herdeiro
- Como ratificación do pacto Cánovas dimitiu e foi chamado a gobernar Sagasta, quedando así consolidado o sistema de quenda pacífica

REFORMAS DE SAGASTA (1885-90)

- Lei de Asociacións (1887): legalización e desenvolvemento das organizacións obreiras
- Lei de Xuízos por xurado (1888)
- Novo Código Civil (1889)
- Nova Lei electoral (1890): establecía o sufraxio universal masculino, con maioría de idade nos 25 anos

Todas estas reformas non afectaron aos principios básicos do canovismo, posto que resultaron viciadas polo caciquismo e a fraude electoral.

A CONTINUIDADE DA QUENDA. FRAUDE ELECTORAL, OLIGARQUÍA E CACIQUISMO

- A **alternancia pacífica:** cando o partido no goberno tiña dificultades, perdía a confianza do rei, este nomeaba un novo Goberno, que convocaba eleccións, que tiña que gañar necesariamente para ter maioría nas Cortes.
- A situación provocou que os procesos estivesen falseados polo **fraude electoral**. Calquera método era válido para conseguir o resultado desexado:
 - Manipulación dos censos
 - Resurrección de mortos
 - Falsificación identidades
 - Compra de votos
 - Ameazas
 - Pucheirazo
- O sistema estaba dominado pola **oligarquía** dirixente, entre as que se escollían os candidatos.
- No nivel intermedio estaban os **gobernadores**, os **alcaldes** nomeados polo Goberno e a **Garda Civil** (mantiña a orde e evitaba as actuacións da oposición).
- Na base actuaban os **caciques locais**, persoas de gran influencia sobre as autoridades e os veciños, e que se puñan ao servizo do candidato do Goberno, controlando e fabricando os resultados electorais.

Caciquismo en Galicia

- **Distritos enfeudados:** Control dalgunha familia ou dunha persoa nalgún distrito.

CONFLICTIVIDADE SOCIAL

- Aumento de dificultades:
 - Folgas, protestas obreiras frecuentes nas cidades
 - Xornada reivindicativa do 1º de Maio
 - Actuacións dos xornaleiros no campo
 - Atentados anarquistas (asasinato de Cánovas en 1897)
 - Aparición de movementos rexionalistas e nacionalistas en Cataluña, Galicia e País Vasco

DESASTRE DE 1898.

- Insurrección en Cuba e Filipinas. Tratado de París. Desaparición do imperio colonial español en América e no Pacífico.
- Desánimo. Reflexión crítica dos intelectuais. España marcada pola desmoralización, o pesimismo e a idea de decadencia
- Crise económica: incapacidade da oligarquía dominante para modernizar o país.
- Frustración no exército e resentimento

O REXENERACIONISMO: Corrente intelectual, política e literaria que analizou os males do país, criticando a Restauración, trataban de buscar remedios para renovar e modernizar España. Os problemas derivaban da existencia dun Estado ineficaz e dunha clase política corrupta. Para mellorar cumpría rexenerar o Estado e reforzar a estrutura produtiva

INTENTOS FRACASADOS DA UNIÓN DOS REPUBLICANOS

- Grupo minoritario nas Cortes.
- Mantiñan a forza nas cidades, controlando algún concello, como A **Coruña** (símbolo do republicanismo galego, que dominaron desde 1899 ata 1923, cunha maioría, per cun alcalde monárquico nomeado polo Goberno), Valencia

C O N F L I C T I V I D A D E S O C I A L E M O V E M E N T O S R E X I O N A L I S T A S